

BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 MESTRE DE OBOE PARA IMPARTIR CLASES NA ESCOLA DE MÚSICA DO OA TERRA DE SANXENXO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2015-2016 PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR DE BAIXA.

PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal de 1 MESTRE OBOE:

CURSO 2015 - 2016	
Profesor	Nº horas/semana
Tít. Grado medio en Oboe	4 hs/semana

O réxime contractual será laboral temporal, e por mor da substitución da profesora do curso escolar 2015 – 2016.

A modalidade contractual será a duns contratos de duración determinada a tempo parcial para un servizo determinado, a contratación farase segundo o establecido no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

1) Para seren admitidos na realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade.
- Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido na base primeira para ingresar no posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto a que aspira.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 17,99 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

2) Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data da súa contratación.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria dirixiranse á Sr. Presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 13:00 horas, durante o prazo de 5 días naturais dende o día da publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia (Dende o 30 de marzo ata o 4 de abril de 2016, ámbolos dous inclusive).

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I., da titulación que da acceso a convocatoria, currículo extenso e detallado e documento que acredite o pago da taxa que da dereito de acceso a convocatoria (base 2ª1.f).

Os documentos que acrediten os méritos que aleguen deberán estar a disposición do tribunal se son requiridos.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

ALEGACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

En ningún caso poderá ser valorada aquela documentación que non fose alegada e debidamente xustificada no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias. De xeito excepcional de non estar debidamente xustificadas a documentación terase de prazo para xustificalos méritos ata a data da proba - entrevista.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realizarase mediante o sistema de oposición, a través de unha proba oral e unha entrevista curricular valorándose esta fase de 0 a 10 puntos, dos cales valorarase de 0 a 6 puntos a proba oral e de 0 a 4 puntos a entrevista curricular.

A documentación aportada referente a cursos, formación, coñecemento do galego e experiencia laboral deberá estar debidamente acreditada.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán acreditar documentalmente os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria contidos na Base segunda das presentes Bases unha vez se produza o seu chamamento para a prestación de servizo, no prazo de dous días momento no que serán sometidos, se a corporación o estima oportuno, os recoñecementos médicos precisos en orde a determinar a súa aptitude para o normal desempeño da función.

QUINTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A data da proba oral e da entrevista curricular será o MARTES 5 DE ABRIL no Concello de Sanxenxo ás 14:00 horas, (Podendo o Tribunal variar a data ou lugar, avisando a cada un dos aspirantes mediante teléfono, no Taboleiro e web do Concello).

SEXTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios e web do Concello de Sanxenxo o 4 de abril de 2016 (luns).

SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado por :

Presidente: Luís Ángel Sabaríz Rolán.
Secretario: Celestino Otero Camiña.
Vocais: Teresa Reyes Martínez.

Técnicos: Técnico escola de música municipal.
Técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo / Director da banda de música de Sanxenxo.

Suplentes: Teresa Amado Moldes.
Aquilino González Pérez.

OITAVA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 29 de marzo de 2016.

O presidente,

Gonzalo Gonzalo Pita.